



NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar é un servizo máis do Centro e polo tanto, calquera incidencia que suceda no mesmo debe ser notificada inmediatamente á Dirección para o seu coñecemento.

Chegada:

As acompañantes de transporte ocuparanse de levar aos alumnos/as en orde dende o autobús ata o Colexio.

Saída:

Nos corredores principais colocaranse os alumnos/as en filas por autobuses. As acompañantes de transporte estarán 10 minutos antes para recoller aos nenos e nenas de Infantil e organizar as filas. A continuación pasarán lista e acompañarán aos seus alumnos/as ao autobús. **As entradas e saídas dos alumnos/as de autobús faranse sempre pola porta principal.**

Normas de Convivencia no autobús

O servizo do autobús é unha prolongación do horario escolar e, polo tanto, as coidadoras e os alumnos/as deben esforzarse por vivir as mesmas normas de convivencia e educación que se ensinan no Colexio

1. Tratar con respecto ás monitoras que acompañan e ao condutor.
2. Tratar con respecto e amabilidade a todos os compañeiros e compañeiras.
3. Respectar e manter limpo o autobús:
 - Coidar os asentos, as fundas dos cabezais,...
 - Non comer no autobús
4. Usar unha linguaxe axeitada e educada entre os alumnos/as, cos condutores e as coidadoras.

5. Subir e baixar correctamente, saudando e sen empuxóns.
6. Levar os balóns en bolsas.
7. Non ocupar os asentos coas mochilas. Os alumnos/as de Ed. Infantil, que eviten traer as mochilas con rodas.
8. Estar na hora indicada na parada para evitar retrasos nas rutas establecidas. **Os autobuses non poden esperar.**
9. Para maior seguridade e mellor funcionamento do servizo, os alumnos/as utilizarán só as paradas elixidas na folla de inscrición, **agás casos puntuais e xustificado por escrito.** Calquera modificación será notificada á persoa do Colexio encargada do transporte.
10. Pola seguridade do alumno/a e dos seus compañeiros deben ir sentados e obedecer as indicacións do condutor e da coidadora. Un mal comportamento durante a ruta pode ser causa de baixa neste servizo.
11. Se por algunha circunstancia, un alumno/a chegase tarde á saída do autobús, deberá VOLVER Á PORTERÍA a comunicalo. Dende alí chamarase aos teléfonos que constan no Centro. Non pode saír do Colexio, nin irse con outras persoas sen o coñecemento previo dos pais e das súas coidadoras.
12. Cando un alumno/a non cumpra as normas de convivencia ou provoque desperfectos materiais, a coidadora corrixirao e informará á dirección do centro, que aplicará as medidas necesarias.
 - Se é falta leve, avisarase á familia e amoestarase ao alumno/a
 - Se é falta grave ou faltas leves reiteradas, ademais de avisar á familia non se lle permitirá o uso do transporte escolar por un tempo determinado. Dito tempo estará fixado pola Dirección do Centro, escoitando á monitora.

